



## Concello de Cospeito

**Asunto:** Autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público.

**Procedemento;** En réxime de concorrencia.

**Expediente núm.:** 82/2024.

### ACTA DA MESA DE VALORACIÓN DAS OFERTAS PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, PARA A VENDA AMBULANTE NA RÚA DA AGRA (2024)

#### ASISTENTES:

Persoa que exerce a Presidencia :  
Interventora municipal D<sup>a</sup> María Silva Taboada.

Persoas que exercen como Vocais:  
Arquitecto municipal D José Luis Sanmiguel Guerreiro

Persoa que exerce a Secretaría:  
Funcionaria municipal de Cospeito D<sup>a</sup> Cruz Anido Araujo

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, sendo as 11:00 horas do día 08 de abril de 2024, reúnen-se os membros da mesa de valoración das ofertas, integrados polos membros citados anteriormente conforme ao establecido na cláusula décima do prego de condicións administrativas reguladora da convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concorrencia, para a venda ambulante na Rúa Da Agra, ao obxecto de valorar a documentación administrativa presentada e realizar a proposta de adxudicación o órgano de adxudicación.

Vista a acta da mesa de valoración de 14 de marzo de 2024, do seguinte tenor literal:

*"[...]Tendo en conta que á vista do informe existe un empate de dous candidatos en relación a mesma parcela e a mesma orde de preferencia, a Mesa de valoración acorda requirir a:*

*M<sup>a</sup> Luisa Costa dos Anjos  
Noelia Verdes Peteira  
Diana Adelaida Machado,*

*para que manifesten mediante escrito presentado no rexistro municipal do Concello de Cospeito si están interesados por optar a unha ou dúas parcelas, para o que se lles conceden **tres días hábiles**. A estos efectos deberán de ter en conta o establecido na cláusula undécima do prego referido de que en todo caso a adxudicación de dúas parcelas deberá cumprir a condición de ser autosuficientes cada unha delas de xeito independente, non podendo compartir equipos, instalacións ou apoios[...]"*

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

Visto o rexistro de entrada 2024-E-RC-837 de data 19/03/2024, no que D<sup>a</sup> Noelia Verdes Peteira manifesta a súa vontade de que lle sexa adxudicada a parcela B, na que a súa oferta aparece no primeiro lugar, renunciando o resto de parcelas.

Visto o rexistro de entrada 2024-E-RE-166 de data 20/04/2024, no que D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>Luisa Costa Dos Santos manifesta a súa vontade de que lle sexa adxudicada unha parcela, renunciando o resto.

Visto o rexistro de entrada 2024-E-RE-167 de data 20/04/2024, no que D<sup>a</sup> Diana Adelaida Machado Machado manifesta a súa vontade de que lle sexa adxudicada unha parcela, renunciando o resto.

Visto canto antecede os membros da mesa de valoración por unanimidade,

### ACORDAN,

**PRIMEIRO.-** Formular proposta de adxudicación dos postos ofertados ao órgano municipal competente para resolver o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concurrencia, do seguinte xeito:

Parcela A	M <sup>a</sup> Luisa Costa dos Anjos
Parcela B	Noelia Verdes Peteira
Parcela C	Diana Adelaida Machado

**SEGUNDO.-** Notificar os solicitantes propostos como adxudicatarios aos efectos de que presenten a documentación necesaria no prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á recepción da preceptiva notificación, conforme o establecido na cláusula décimo terceira do prego de condicións administrativas reguladora da convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concurrencia, para a venda ambulante na Rúa Da Agra.

**TERCEIRO.-** Finalizado o prazo de presentación reunirase a mesa de valoración para examinar a documentación presentada e realizar a clasificación aos efectos do establecido na base décimo cuarta do prego de condicións administrativas reguladora da convocatoria.

**CUARTO.-** Publicar esta acta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

A Presidenta da por rematada a sesión ás 12:00 horas. E para que quede constancia do tratado, a Secretaria redacta esta acta, someténdose a sinatura e da que dou fe,

Asdo.: D.<sup>a</sup> María Silva Taboada

Asdo.: D. José Luis Sanmiguel Guerreiro

### Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

---

Asdo.: Cruz Anido Araujo

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE A MARXE**

---

**Concello de Cospeito**

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102

Cod. Validación: 3XPR7IK7MPRSSCLANST73GWX7  
Corrección: <https://concellocospeito.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

